

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I27D	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 09-12-16 14:05

Número 20.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes e Benestar Animal relativa á adxudicación do "servicio de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal do Concello de Santiago de Compostela".

*Destinatario*

15078DCMG10I27DL



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 09 de decembro de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**20 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE MOCIDADE, DEPORTES E BENESTAR ANIMAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO "SERVICIO DE INTERVENCIÓN E RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS, PERDIDOS, DOMÉSTICOS OU SALVAXES DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes e Benestar Animal, de data 22 de novembro de 2016; así como do informe de Intervención nº 804/2016, de 5.12.16, da xefe de sección que conta co conforme da Viceinterventora.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

**"Noa María Morales Sánchez, concelleira delegada de mocidade, deportes e benestar animal, e presidenta da mesa de contratación da licitación "Servicio de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal do Concello de Santiago de Compostela", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I27D	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 09-12-16 14:05


**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 15 de novembro de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador SERVICIOS GALLEGOS DE LACERIA SL.

Segundo: Con data 22 de novembro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**



Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa SERVICIOS GALLEGOS DE LACERIA SL (CIF: B15643240), por un importe de **36.989 euros/ano** (IVE aparte 21%: 7.767,69 euros/ano), ó ser a súa a única oferta presentada e cumprir os requirimentos dos pregos de aplicación.

Designase como técnico municipal responsable-director do contrato a D. Ángel Pérez Otero, xefe de sección de biodiversidade.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **090 31101 22700**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 3.108 euros.  
Anualidade 2017: 44.756'69 euros.  
Anualidade 2018: 41.648'69 euros."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

Adxudicar o contrato de "Servicio de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal do Concello de Santiago de Compostela" a

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I27D	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 09-12-16 14:05

favor da empresa SERVICIOS GALLEGOS DE LACERIA SL (CIF: B15643240), por un importe de **36.989 euros/ano** (IVE aparte 21%: 7.767,69 euros/ano), ó ser a súa a única oferta presentada e cumprir os requerimentos dos pregos de aplicación.

Designar como técnico municipal responsable-director do contrato a D. Ángel Pérez Otero, xefe de sección de biodiversidade.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **090 31101 22700**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 3.108 euros.

Anualidade 2017: 44.756'69 euros.

Anualidade 2018: 41.648'69 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández



